

XIMNASIA MANTEMENTO ADULTOS

1. Introducción

Neste documento determínanse as condicións da actividade de ximnasia de mantemento para adultos da **Sociedad Gimnástica de Pontevedra**. Dirixida a aquelas persoas interesadas en practicar actividade física de forma regular e supervisada.

2. Grupos, horarios e instalación

Grupo	Días	Horario	Lugar	Prazas	Duración
1	Luns e Mércores	9:30 - 10:30	Pavillón Municipal	20	Novembro - Xuño
2	Martes e Xoves	9:30 - 10:30	Pavillón Municipal	20	Novembro - Xuño
3	Luns e Mércores	10:30 - 11:30	Pavillón Municipal	20	Novembro - Xuño
4	Martes e Xoves	10:30 - 11:30	Pavillón Municipal	20	Novembro - Xuño
5	Luns e Mércores	19:30 - 20:30	Pavillón Municipal	20	Novembro - Xuño
6	Martes e Xoves	19:30 - 20:30	Pavillón Municipal	20	Novembro - Xuño
7	Luns e Mércores	20:30 - 21:30	Pavillón Municipal	20	Novembro - Xuño
8	Martes e Xoves	20:30 - 21:30	Pavillón Municipal	20	Novembro - Xuño
9	Luns e Mércores	21:30 - 22:30	Pavillón Municipal	20	Novembro - Xuño
10	Martes e Xoves	21:30 - 22:30	Pavillón Municipal	20	Novembro - Xuño

A actividade dará **comezo** o día **15 de novembro**, e finalizará o 16 de xuño. Nas datas festivas ou cando a instalación non estea dispoñible **non haberá actividade**.

3. Desenvolvemento

A actividade levarase a cabo **con máscara** nos ximnasios do pavillón municipal.

4. Inscricións e cotas

Enderezo preinscrición: <https://forms.gle/Y5fHrp1r2w5PT7Jm7>

As preinscricións realizaranse a través do enderezo web anterior dende o luns 1 de novembro de 2021 ás 00:00 ata o venres 5 de novembro ás 23:59 h.

Haberá que seleccionar o horario desexado; pódense solicitar tres opcións por orde de preferencia, por se non se puidese atender algunha delas.

A **cota** da actividade é de **25 €/mes**. Os pagos realizaranse a través da APP Cluber aplicando cargos na tarxeta vinculada ao usuario. Unha vez rematado o prazo de preinscrición, indicárase aos interesados dito procedemento.

Unha vez rematado o proceso de preinscrición, o luns 8 de novembro publicarase ás 16:00 h. o listado provisional; cun prazo para reclamacións ata o mércores 10 de novembro ás 23:59 h. O listado definitivo de persoas preinscricións e as listas de espera de cada un dos grupos publicarase o venres 12 ás 16:00 h.

5. Proceso de admisión

Os/As participantes serán admitidxs por orde rigoroso de inscrición ata completar o número de prazas. O número mínimo de participantes para iniciar un grupo será de 8 persoas. No caso de superar as 20 prazas, crearase unha lista de espera, e no momento que se produzan baixas chamarase ao seguinte da lista para ocupar dita praza. Aquela persoa que non abone a contía ou falte durante un mes sen causa xustificada perderá a súa praza.